

As tripas do silencio

Xavier FRÍAS CONDE

Eran as dez da mañá.
Para ser sábado, era unha hora temperá.
E é que, cando un non traballa, todas as horas son temperás.

Saín á terraza para sentir o ar fresco da mañá. Era outubro e xa debía notarse algo máis de fresco, mais na realidade todos aqueles días estaban a ser estrañamente calorosos.

Após uns minutos de sentir aquela brisa fresca, entrei de novo na casa.

E xusto entón foi cando comecei a sentir aquilo.

Era un son constante, moi difícil de describir.

A miña primeira intención foi descartar que procedía da miña propia casa.

Fun á cociña. Non lembraba ter ligado o lavoulouzas nin a lavadora, mais non fose o demo que coa miña memoria tivese posto en funcionamento algún daqueles aparellos.

Non, estaban apagados.

Felizmente apagados, porque gastan moita enerxía e despois as facturas desespéranme.

Era moi difícil atopar a procedencia daquel son estraño.

Tiña unha cadencia moi particular.

Lembrábame unha peza a rotar, se cadra un rotor, tiña un ciclo rítmico de subidas e baixadas.

Non tiña dúbidas de que se trataba dun motor, aínda que, por veces, saltaba todo ese ritmo e facía outro son como se algo inmenso engulise con dificultade. E cabo duns segundos, tornaba o son do rotor.

Paseando pola casa decateime de que o son era moito máis perceptíbel desde o meu propio cuarto.

Foi entón cando me dei conta de que o barullo procedía da casa de enriba, da casa da veciña.

Debo recoñecer que era insoportábel.

Case que xa comezaba a ter dor de cabeza por causa daquel son incualificábel.

Coa bata posta –nin a quitara, para que–, subín ao piso de enriba.

Resultábame moi estraño que aquel son monstruoso partise de alí, mais estaba certa diso.

O que xa non me cadraba de modo ningún é que aquel son fose provocado pola miña veciña, Dona Amadea.

Dona Amadea é unha muller moi seria. Eu sempre tiver unha relación moi cordial con ela.

Saudámonos polas escaleiras con moi boas formas, ela sempre tan educada, con esa voz tan agradábel e modulada.

A coitada é viúva.

Morréralle o home hai moitos anos.

Sei que tiña algún fillo por aí, mais nunca os vin, sempre está soa.

Dáme tanta pena, esa muller.

Por iso ás veces téñoa invitado a tomar uns biscoitos con chocolate na miña casa.

Eu sei que ela o adora.

Mais non pensen que eu me dedico a pescudar sobre a vida dos meus veciños.

Non.

Todo o que sei deles é porque eles mesmos mo cantan.

Eu odio as mexericas.

Bo, mais como ía contando, subín ao andar de riba, temendo que algún aparello tivese estragado e Dona Amadea tivese un problema coa lavadora ou o lavalouza.

Premín na campaiña.

Nada.

Premín de novo.

Nada.

Premín pola terceira vez.

Nada.

Aquén da porta o barullo era perfectamente perceptíbel.

Comecei a temer por Dona Amadea.

Por un momento, pensei chamar o presidente da comunidade dos veciños, o Antonio Manuel, un tipo que fuma charutos até embaixo da ducha.

Odio falar con el por ese fedor que produce, mais a ocasión era suficientemente grave.

Xa ía dar mea volta, cando de repente sentín a fechadura.

Moi lentamente, a porta abriu.

E con ela, o barullo infernal tornouse moito máis potente.

Mais quen abriu a porta non era Dona Amadea.

Non era ela, a menos que tivese mudado de sexo e de idade.

Tratábase dun mozo cuxo rostro estaba case totalmente cuberto por unhas guedellas bastante repugnantes.

Ignoro en que lingua falaba. Apenas notei que se expresaba cunha especie de gruñidos imposíbeis de comprender.

Eu non teño estudado idiomas, non o vou negar. Non entendía nada do que el falaba.

Porén tentei que el me entendese.

– Dona Amadea... –dixen.

El seguiu cos seus gruñidos.

Entón decateime de que da súa boca sobresaían unhas febras.

Non o pensei dúas veces e quiteillas.

Era como tabaco, mais cheiraba como a meniña; dábame moito noxo aquilo.

Mais operouse o milagre.

O tipo, ao falar, podía ser entendido, aínda que fose con abonda dificultade aínda.

– *Quein quérein...?* –dixo.

– Dona Amadea –repetín–, onde está Dona Amadea... Vou chamar a policía, vou chamar a policía –dixen eu toda oufana.

El debeu ter un ataque de pavor. Comezou a saltar.

Até parecía que danzaba ao ritmo daquel barullo espantoso que saía do apartamento e que agora se escoitaba perfectamente.

Eu non entendía como aquel guicho podía bailar ao son do barullo dunha lavadora escangallada.

Cabo duns segundos, o tipo dixo:

– Non chame, señora, que a miña vella vai ficar preocupada se veñen eses...

“Eses” eran os axentes, interpretei.

Bo, eu estaba paralizada, non sabía como reaxir.

O de “vella” fíxome interpretar que se trataba da nai.

Coitada Dona Amadea.

Entón si tiña un fillo.

E era *aquilo*.

Aquela piltrafa humana que fedía como unha brigada de sen-teitos.

Mais debo recoñecer que me considero unha veciña solidaria.

Tiña a certeza de que aquel fillo non pródigo de Dona Amadea debeu ter vido sen avisar.

Dona Amadea levaría un bo pasmo se descubri-se o que o fillo lle tiña organizado no piso.

A lavadora ou o que for podería estoupar en cuestión de minutos e despois todo sería unha catástrofe.

A coitada viúva ía ter problemas coa seguranza e coa comunidade dos veciños.

Mais eu ía evitar iso.

Eu ía deter o aparello infernal que causaba aqueles sons monstruosos.

Afastei o guedelludo fedorento empurrándoo fóra do meu camiño.

El caeu ao chan e ficou alí a murmurar algo naquela súa lingua incomprendible.

Fun dereita á cociña, onde sabía que estaba a lavadora.

Mais a lavadora estaba apagada.

Verifiquei o lavalouzas.

Tamén.

Que podía ser?

O quantador, por acaso.

Mais o quantador non producía ruído ningún.

Agucei o ouvido.

Non me tiña decatado até entón de que o son infernal non procedía da cociña, senón doutra parte da casa.

De repente, o son cesou.

E eu detivenme.

Aquilo era inexplicable. Era como se unha forza sobrehumana tivese desactivado o son cando eu estaba a piques de me achegar a el.

Mais só durou uns segundos.

Inmediatamente todo comezou de novo.

Se cadra, esta vez a barulleira era aínda peor.

Tamén cun ritmo estraño que batía na cabeza, que me estaba a producir unha xaqueca terríbel, porque eu sentía que as miñas vidallas estaban para saltar.

Aínda así avancei na dirección de onde procedían aqueles ruidos.

Accedín a un carto. O caos era total nel, con roupa espallada por todas partes.

Remexín a roupa e atopei unha caixa negra embaixo.

De alí procedía aquela música do inferno.

Música.

Arre demo, como non me decatara de que aquilo era música?

Confirmoumo o facto de que o mozo se me achegou e comezou a danzar ao ritmo do son infernal que procedía daquel aparello.

Até parecía que se me estaba a insinuar.

Insinuarse a min, insinuárseme aquela miseria
humana, aínda que fose fillo de Dona Amadea.
Non o resistín.
Agarrei o aparello en cuestión e tirei del.
Arranqueille o cabo.
Despois abrín a xanela e boteino para abaixo.

O aparello aínda armou unha boa escandaleira
antes de estoupar contra o paseo.
A piltrafa humana ficou de boca aberta.
Eu fun directamente para a saída.
Coñecía o camiño.